



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD81PLA02

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL DO CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Curso: 2023-24





Índice

	Capítulo I (letras a), b), c), d), e), k) e l) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010)	3
1	Obxectivos específicos	3
2	Medidas que se van desenvolver	3
	2.1 Horario xeral e criterios para a súa elaboración.....	4
	2.2 Horaio de atención ao público.....	14
	2.3 Cadro xeral horario de atención tutorial.....	15
	2.4 Horario de utilización das instalacións do centro.....	15
	2.5 Calendario de avaliación da programación xeral anual e de autoavaliación do conservatorio.....	16
	Capítulo II (letras m) e n) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010)	17
1	Documento de organización do centro	17
2	Modificacións do proxecto educativo	17
3	Programacións didácticas dos departamentos	17
	Capítulo III (letras f), g), h), i) e j) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010)	17
1	Profesorado participante en programas de innovación educativa	17
2	Programa anual de formación do profesorado	18
3	Programa de promoción da lingua galega	20
4	Plan dixital do Centro	20
5	Programa anual de actividades culturais e de promoción das ensinanzas	21
6	Plan de autoprotección	21

ÍNDICE

Capítulo I (letras a), b), c), d), e), k) e l) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010)

1 Obxectivos específicos

- OB-PXA1. Seguir concienciando á administración educativa da importancia da ampliación do Centro e da oferta educativa do Centro
- OB-PXA2. Promover na contorna o coñecemento das nosas ensinanzas e promover o equilibrio entre as distintas especialidades instrumentais. (OBX-PE 1).
- OB-PXA3. Mellorar a formación do profesorado na súa práctica docente (OBX-PE1).
- OB-PXA4. Promover o contacto con outros Centros mediante programas de intercambio para complementar a formación do noso alumnado e a innovación do profesorado. (OBX-PE 4).
- OB-PXA5. Achegar o Centro á cidadanía e en especial aos nenos/as da contorna.
- OB-PXA6. Consolidar a participación do noso alumnado en espazos culturais co obxectivo de mellorar a súa formación e a difusión do traballo no Centro, mellorar a proxección do Centro a través das redes sociais e promover o coñecemento do papel da muller na música. (OBX_PE9).

2 Medidas que se van desenvolver

1. Transmitir a través das canles posibles a necesidade que ten o Centro da ampliación dos seus espazos e de novas especialidades.

2. Promover concertos didácticos das diferentes especialidades para fomentar o seu coñecemento en colexios da cidade ou convidándoos a asistir a estes no Centro do mesmo xeito que nos pasados cursos.
3. Organizar ao longo do curso xornadas con nenas/os da contorna en idade de acceso ao Centro para que coñezan o centro e as posibilidades de estudo no mesmo.
4. Incrementar os contactos co Concello de Santiago de Compostela, Universidade, Auditorio de Galicia e outros espazos co obxectivo de consolidar a participación do alumnado en actividades complementarias e de difusión das ensinanzas na cidade.
5. Participar no prácticum correspondente ao máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, na Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso 2023/24.
6. Participar no proxecto de alfabetización cinematográfica co IES Cacheiras.
7. Levar a cabo actividades de difusión do papel da muller na música tales como concertos, conferencias e outros.

2.1 Horario xeral e criterios para a súa elaboración

A actividade lectiva do centro transcorre entre as 9:00h e as 22:00h.

O horario para este curso elaborouse seguindo as directrices marcadas polo Capítulo II da ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o *Decreto 223/2010, do 30 de decembro polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma* (DOG do 18 de



agosto). Neste sentido, para facilitar o aproveitamento dos espazos do centro para a docencia, as clases en horario de tarde comezan como norma xeral ás 16:00h. e rematan ás 22:00h aínda que se procura non superar para a docencia ás 21:00 horas excepto nas materias de Banda e Orquestra Sinfónica e algún itinerario de 6º curso de grao profesional.

HORARIO XERAL DE DOCENCIA DO CENTRO

- Con carácter xeral o horario de docencia no período lectivo será de 16:00 a 21:00 horas.
- Nos cursos de 3º a 6º curso de grao profesional poderase utilizar a franxa horaria de 21:00 a 22:00 horas en calquera materia, se fora necesario.
- Para o alumnado que teña a posibilidade de asistir en horario de mañá ao centro poderase ofertar clase nas materias de ratio 1:1 ou superior (instrumento ou canto, piano complementario, música de cámara, repentización e acompañamento ou idiomas aplicados ao canto). Tamén se ofertará un grupo en horario de mañá nas materias de 6º curso de grao profesional de Análise e alomenos un itinerario e unha materia optativa. En todo caso non se asignará horario de mañá (antes das 16 horas) en ningunha materia sen a solicitude ou consentimento do alumno ao alumna en cuestión.

DISTRIBUCIÓN DOS ESPAZOS E AULAS DO CENTRO

- As aulas adicadas as materias do dpto. de LM serán a 30, 31, 32 e 33.
- As aulas adicadas as materias do dpto. de FUNDAMENTOS serán a 27, 28 e 29. Na aula 29 impartirase a materia de Novas Tecnoloxías.



- As aulas adicadas as materias do dpto. de CONXUNTO serán Orquestra, 26, Cámara 1, Cámara 2 e Cámara 3, estas dúas últimas so no caso de ser necesario.
- A aula adicada as materias do dpto. de CANTO será a 4.
- As aulas adicadas as materias do dpto. de CORDA serán a 5, 6, 21, 22, 23 e 24.
- As aulas adicadas as materias do dpto. de VENTO METAL serán a 7, 8 ,9 e a 4, esta última só en caso necesario.
- As aulas adicadas as materias do dpto. de VENTO MADEIRA serán a 18, 19, 20, 25, 1, 2, e a aula 3 cando sexa preciso.
- As aulas adicadas as materias do dpto. de PERCUSIÓN serán Percusión 1 e Percusión 2.
- As aulas adicadas as materias do dpto. de GUITARRA serán da 10, 11 e 12.
- As aulas adicadas as materias do dpto. de PIANO E PIANO ACOMPAÑANTE serán a 0.A, 0.B, 0.C,2, 13, 14, 15, 16, 17, Cámara 2 e Cámara 3, estas dúas últimas nos horarios nos que non se ocupen con materias do dpto. de conxunto.

Esta distribución de espazos pode sufrir modificacións por necesidades organizativas do centro.

Procurarase que os horarios das materias con mais de unha clase semanal sempre usen o mesmo espazo.

Con carácter xeral, non se impartirán clases na biblioteca nin nas cabinas de estudo.

O auditorio do centro adicarase prioritariamente á realización de audicións e concertos.

DISTRIBUCIÓN DA OFERTA DOCENTE

- LINGUAXE MUSICAL e EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL. GRAO ELEMENTAL

As clases destas materias impartiranse combinadas, unha a continuación da outra, en dúas sesións semanais de 1,5 horas en 1º e 2º curso, e de unha hora un día e dúas outro en 3º e 4º curso.

- LINGUAXE MUSICAL. GRAO PROFESIONAL

As clases destas materias impartiranse en dúas sesións semanais de 1 hora.

- ORQUESTRA/BANDA e CORO. GRAO PROFESIONAL

Debido a ampla ratio destas materias, as clases impartiranse para todo os grupos na aula de Orquestra. Os horarios serán os seguintes:

AGRUPACIÓN	HORARIO
CORO I (1º-3ºGP)	Luns 19:00-20:00
CORO II (4º-6ºGP)	Luns 20:00-21:00
Orquestra Xuvenil (1º-3ºGP)	Mércores 18:15-19:45
Orquestra Sinfónica (3º-6ºGP)	Mércores 20:15-21:45
Banda Xuvenil (1º-3ºGP)	Xoves 19:15-20:45
Banda Sinfónica (4º-6ºGP)	Xoves 20:15-21:45
Big Band	Xoves 16:15-18:45

- CONXUNTO. 1º-2ºGP

Impartiranse nas aulas reservadas para o departamento de conxunto. Ofertarase un único grupo para cada especialidade. No caso en que algún alumno/a non poida asistir no horario establecido por ser incompatible co ensino obrigatorio poderase asignar nun grupo de outra especialidade ou, se é posible, crear un novo grupo da súa mesma especialidade.

- **NOVAS TECNOLOXÍAS. 3ºGP**

Impartirase na aula 29. Ofertaranse 4 ou 5 grupos, según sexa preciso, con unha ratio máxima de 1:15.

- **HARMONÍA, ANÁLISE E HISTORIA DA MÚSICA, 4º-6ºGP**

Estas materias teñen unha carga lectiva de 2 horas semanais. Con carácter xeral, os horarios dos grupos serán en dúas horas separadas en días diferentes. Procurarase facer posible no 4º e 5º curso asistir ás dúas materias de cada curso nos mesmos días e unha a continuación da outra.

No 6º curso (Análise) ofertarase alíomenos un grupo en horario de mañá.

- **MATERIAS OPTATIVAS E ITINERARIOS. 6ºGP**

Os itinerarios ofertados no centro serán os seguintes:

- Fundamentos de Composición.

Materia adscrita ao dpto. de fundamentos. Ofertarase un grupo en horario de tarde, e se é posible outro en horario de mañá.

- Fundamentos de Musicoloxía.

Materia adscrita ao dpto. de fundamentos. Ofertarase un grupo en horario de tarde (aula 29).

- Fundamentos de Pedagogía.

Materia adscrita ao dpto. de linguaxe. Ofertarase un grupo en horario de tarde.

- Fundamentos de Interpretación.

Materia adscrita ao dpto. de conxunto. Ofertaranse 5 grupos, sempre que sexa posible, todos en horario de tarde. Un grupo será para o alumnado da especialidade de vento, outro para os de corda, outro para os de guitarra, un máis para a especialidade de piano e percusión e outro para a de canto.

As materias optativas ofertadas serán:

- Iniciación ao Jazz

Materia adscrita ao dpto. de corda. Ofertarase un grupo en horario de tarde.

- Improvisación

Materia adscrita ao dpto. de vento metal. Ofertarase un grupo en horario de tarde.

- Música tradicional galega

Materia adscrita ao dpto. de guitarra. Ofertarase un grupo en horario de tarde (aula 29).

- Técnicas de composición aplicadas á didáctica

Materia adscrita ao dpto. de linguaxe. Ofertarase un grupo en horario de tarde.

- Música contemporánea

Materia adscrita ao dpto. de piano. Ofertarase un grupo en horario de tarde.

- Creando música para o audiovisual.

Materia adscrita ao dpto. de guitarra. Ofertarase un grupo en horario de tarde (aula 29).

- Iniciación á dirección musical

Materia adscrita ao dpto. de vento madeira. Ofertarase un grupo en horario de tarde.

- Rutina de estiramientos e conciencia corporal. Materia adscrita ao dpto. de vento metal
- Emprendemento Musical. Materia adscrita ao dpto. de canto.

No caso en que exista a suficiente demanda por parte do alumnado, e sexa posible, crearase un novo grupo de algunha das materias optativas en horario de mañá.

- **PIANO ACOMPAÑANTE**

A oferta de piano acompañante para cada unha das diferentes especialidades deberá garantir que o alumnado teña unha oferta de ensaios de alomenos 9 horas distribuídas en tres ou máis días á semana, con carácter xeral.

- **CLASES COLECTIVAS, REFORZOS e ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

Sempre que a carga lectiva do profesorado o permita poderanse ofertar clases colectivas na materia de instrumento para o alumnado de grao elemental e/ou clases de reforzo nesa ou en calquera outra materia de calquera curso.

Así mesmo, e sempre que sexa posible, ofertaranse as seguintes actividades complementarias con horario semanal fixo:

ACTIVIDADE	HORARIO
CORO INFANTIL	Venres 18:00-19:00
BANDA INFANTIL	Xoves 18:00-19:00
GRUPO DE TROPAS	Luns 20:00 - 21:00



1. TITORÍAS

Todo o profesorado que imparta algunha materia terá unha hora semanal para as labores de titorización do seu alumnado e reunións cos pais/nais ou titores legais dos mesmos. O horario das titorías será sempre de tarde, entre as 15 e as 22 horas.

2. CRITERIOS PARA A ESCOLLA DE GRUPO, PROFESOR/A E HORARIO POR PARTE DO ALUMNADO

- ORQUESTRA/BANDA. GRAO PROFESIONAL

Na materia de orquestra/banda (na que se inclúe a big band) o centro asignará o grupo que corresponda a cada alumno/a en función da súa especialidade, curso e as características de cada formación.

- MÚSICA DE CÁMARA. GRAO PROFESIONAL

A elección de horario farase en setembro, antes do comezo das clases, de maneira presencial no centro, para o que deberá asistir o alumno/a ou unha persoa autorizada que o/a represente.

Farase seguindo a seguinte orde:

- 1º. Grupos de maior a menor número de alumnos/as (quintetos, cuartetos, tríos e dúos)
- 2º. No caso en que coincidan varios grupos co mesmo nº de alumnos/as e co mesmo profesor/a, terá preferencia o grupo que corresponda segundo a letra administrativa do primeiro apelido, que este ano é a letra "T", en calquera dos seus integrantes.

- **DEMAIS MATERIAS GRUPAIS**

Nas materias grupais nas que existe mais de un grupo, salvo na materia de Musica de Cámara, a adxudicación farase seguindo os seguintes criterios:

- 1º. Alumnado con asignación de horario preferente, en aplicación do plan de atención á diversidade do centro.
- 2º. Alumnado con discapacidade acreditada superior ao 33%.
- 3º. Familias con 3 ou máis membros estudando no Centro
- 4º. O resto do alumnado empezando pola letra administrativa do primeiro apelido, que este ano correspóndese coa letra "T" (t, u, v, w...).

- **INSTRUMENTO e OUTRAS MATERIAS INDIVIDUAIS**

ORDE NA ASIGNACIÓN DE PROFESOR/A TITOR/A

- 1º. Asignarase o mesmo profesor/a que no curso anterior ao alumnado que non solicitara o cambio do mesmo, e sempre que o profesor co que estudou teña horario dispoñible.
- 2º. Elixirá profesor/a o alumnado que non poida continuar co seu profesor/a titor/a do curso anterior segundo os criterios establecidos.¹
- 3º. Atenderanse as solicitudes de cambio de profesor/a segundo os criterios establecidos, no caso de terse solicitado na matrícula.

¹ Neste caso contactarase telefonicamente antes do prazo de presentación das *Preferencias sobre a elección de horario das materias individuais*.



4º. Asignarase titor/a o alumnado de novo ingreso segundo o indicado na matrícula e aplicando os criterios establecidos².

CRITERIOS PARA A ASIGNACIÓN DE PROFESOR/A TITOR/A

- Dentro de cada un dos puntos anteriores o procedemento para a elección sempre irá de maior a menor curso.
- De coincidir dous ou mais alumnos do mesmo curso terá preferencia o alumnado con máis anos cursados no centro sen contar as repeticións e, en caso de empate, terá preferencia o alumnado de menor idade.

CRITERIOS PARA A ASIGNACIÓN DE HORARIO

A orde de adxudicación será o seguinte:

- 1º. Alumnado con asignación de horario preferente, en aplicación do plan de atención á diversidade do centro.
- 1º. Alumnado con discapacidade acreditada superior ao 33%.
- 2º. Familias con 3 ou máis membros estudando no Centro.
- 3º. O resto do alumnado de menor a maior idade sen prioridade de curso.

A Biblioteca permanecerá aberta entre as 16:00 h. E as 21:00h. As clases correspondentes ao Grao Elemental desenvólvense exclusivamente en horario de tarde. As clases correspondentes ao Grao Profesional impártense na súa maioría en horario de tarde.

Ao igual que en anos anteriores, creáronse grupos en 6º curso de Grao Profesional en horario de mañá para mellorar a oferta horaria do alumnado

² O Profesor/a titor/a asignado poderase consultar en centrosnet antes do prazo de presentación das *Preferencias sobre a elección de horario das materias individuais*.



que cursa estudos universitarios ou que ten dedicación exclusiva nestas ensinanzas.

As probas específicas e de avaliación van a levarse a cabo nos seguintes días:

- 1ª Avaliación

Os días 4 e 5 de decembro.

- 2ª Avaliación

Os días 5 e 6 de marzo

- Avaliación final

O día 13 de maio avaliación final de 6º curso e 2º de BAC que o soliciten.

Os días 4 e 5 de xuño avaliación ordinaria.

O día 25 de xuño avaliación extraordinaria.

2.2 Horaio de atención ao público

Dirección. José Luis Quintás Carreira: martes de 10:00 a 11:00h e mércores de 19:00 a 20:00 h.

Vicedirección. Sonia Avilés Vidal: venres de 12:00 a 13:00 h. e martes de 17:00h a 18:00 h.

Xefatura de Estudos. Alejandro Cimadevila Louzao: Luns de 12:00 a 13:00 horas e mércores de 21:00 a 22:00h.

Secretaría. Fernando Rei Maio: luns 11:00 a 12:00h e xoves de 17:00 a 18:00h.

Horario de oficina: de 9:00 a 13:00h. de luns a venres.

2.3 Cadro xeral horario de atención tutorial

O cadro xeral de acción tutorial achégase no DOC do profesorado

2.4 Horario de utilización das instalacións do centro

As instalación xerais do centro pódense utilizar entre as 8:30 e as 22:00 horas. As cabinas de estudo poder utilizarse facendo a petición na conserxería do Centro. En casos excepcionais tamén se poden utilizar as aulas do conservatorio en horario de mañá sempre que non as precisen os profesores/as, con un permiso especial da secretaría do Centro. A Biblioteca do Centro permanecerá aberta en horario de tarde ata as 21:00 horas.

Calendario Escolar CMUS Profesional de Santiago de Compostela 23-24.

O curso académico abranguerá desde o día 1 de setembro de 2023 ata o 31 de agosto de 2024. As actividades lectivas rematarán o día 28 de xuño de 2024.

Os períodos de vacacións escolares no curso académico 2023/24 serán os seguintes:

- Nadal: desde o día 22 de decembro de 2023 ata o día 7 de xaneiro de 2024, ambos incluídos.



- – Entroido: os días 12, 13 e 14 de febreiro de 2024.
- – Semana Santa: desde o día 25 de marzo ata o día 1 de abril de 2024, ambos incluídos.

Os días non lectivos durante o curso escolar serán os seguintes:

- 12 de outubro. *Día do Pilar*
- 1 de novembro. *Día de tódolos Santos*
- 6 de decembro. *Día da constitución*
- 7 de decembro. *Día do ensino*
- 8 de decembro. *Día da Inmaculada.*
- *Día 1 de maio. Día do traballo.*
- *Día 17 de maio. Día das letras galegas.*
- *Día 9 de maio. Día da Ascensión.*

2.5 Calendario de avaliación da programación xeral anual e de autoavaliación do conservatorio

O Decreto 223/2010 do 30 de decembro polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu capítulo III, artigo 45, punto 9, di que polo menos con una periodicidade trimestral, "os órganos colexiados reuniranse para avaliar cada un no ámbito das súas competencias, o grao de cumprimento da programación xeral anual e propor as oportunas modificacións se as houber".

Como resultado destas avaliacións introducíranse na PXA modificación a proposta dos órganos colexiados do Conservatorio.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica elaborará propostas que se incluírán na programación xeral anual do próximo curso.



Capítulo II (letras m) e n) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010)

1 Documento de organización do centro

O Documento de Organización do Centro foi enviado a Inspección Educativa en formato electrónico.

2 Modificacións do proxecto educativo

O proxecto educativo non sufriu modificacións

3 Programacións didácticas dos departamentos

As programacións didácticas achegáronse a Inspección Educativa e atópanse na web do Centro.

Capítulo III (letras f), g), h), i) e j) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010)

1 Profesorado participante en programas de innovación educativa

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, autorizou na Orde do 14 de xullo de 2014 (DOG do 23 de xullo) a posta en marcha, con carácter experimental, das seccións bilingües de lingua inglesa.



Este proxecto experimental outorga ao profesorado participante un recoñecemento da docencia nesta lingua como innovación educativa.

Desenvólvese nas seguintes materias

- Violín.
- Óboe.
- Frauta.
- Piano
- Trompa
- Canto

O profesorado participante no curso 2023-24 é o seguinte:

Esperanza Filgueira Rama, (Coordinadora da sección bilingüe), canto

Elena López-Felpeto Paz , violín.

Alejandra Escolante, piano

Carmen Ferreiro, Frauta.

Jorge Fuentes, trompa

Manuel López Jorge, piano

Javier López Jorge, piano

Noia Suárez Ogando, violonchelo

Guillermo Pérez, óboe.

2 Programa anual de formación do profesorado

O CMUS Profesional de Santiago participa nun Plan de formación permanente do profesorado.

Neste plan de formación permanente do profesorado participan un total de 33 membros do claustro de profesorado.

LIÑAS DE TRABAJO PROPOSTAS

- Competencia Didáctica, Actualización científica e didáctica do profesorado.
- Competencia dixital. Plan dixital do Centro. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital.
- Educación inclusiva e coeducación

Os obxectivos sobre os que traballamos este curso 2023-24 son os seguintes.

OBXECTIVOS XERAIS

- Mellorar coordinación entre o profesorado na súa práctica docente.
- Realizar o seguimento do cumprimento dos obxectivos do plan dixital do centro.
- Promover a integración das tecnoloxías dixitais nos procesos de ensino-aprendizaxe.
- Fomentar o desexo de aprender atendendo ás diferencias do alumnado.
- Ofrecer aos docentes do conservatorio a posibilidade de producirse como cantantes nun repertorio de pouca dificultade técnica.
- Estudar diferentes estratexias e recursos para realizar a docencia como pianista acompañante.

Aínda que neste curso xurdiron a través dos diferentes departamentos unha cantidade importante de propostas de formación tivemos que reducilas acordando levar a cabo as que tiveron unha maior acollida xa que os recursos dispoñibles por parte do CAFI para levalas a cabo no que respecta a docencia dos/as poñentes impedían poder realizalas todas. Finalmente acordáronse as seguintes:

ITINERARIOS

Título

liña de traballo	competencia	Coordinador/a
• Dorothé Schubart e o cancionero popular galego	CDIX	Ana Sánchez
• Historia do Soldado	CDID	Alejandro Valcarcel



- | | | |
|---|------|------------------------------|
| • Koha para os conservatorios | CDIX | Sara Seoane |
| • Repertorio vocal no Renacemento Español | CDID | M ^a Jesús Hervás |
| • Aplicacións auditivas e interpretativas do análise schenkeriano | CDID | Fernando Buide |
| • Control da ansiedade escénica | CEIC | M ^a Jesús Hervás. |
| • Implementación do Plan dixital do centro | CDIX | Ana Sánchez |

CDID: Competencia Didáctica

CDIX: Competencia Dixital

CEIC Competencia en educación inclusiva e coeducación

Estas liñas de formación levaranse a cabo ao longo do presente curso cunha temporalización que polo momento aínda non está pechada na súa totalidade.

Os demais membros do profesorado realizan a súa formación segundo as necesidades dentro da oferta de formación do CAFI para este curso.

3 Programa de promoción da lingua galega

O programa de promoción da lingua galega achégase como documento adxunto

4 Plan dixital do Centro

O plan dixital do CMUS achégase como documento adxunto



5 Programa anual de actividades culturais e de promoción das ensinanzas

O plan anual de actividades culturais e de promoción das ensinanzas achégase como documento adxunto.

6 Plan de autoprotección

O plan de autoprotección segue vixente.

A presente PXA foi aprobada nos aspectos que competen ao Claustro en reunión celebrada o día 17 de novembro de 2023, e polo Consello Escolar en reunión celebrada no Centro o día 20 de Novembro de 2023.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2023.

O Director.



Asdo.: José Luis Quintás Carreira

DONA ELENA URTIAGA ESTÉVEZ, INSPECTORA DO CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

